

QUE SABES DO MINIBASQUET

Alumno/a _____ Curso _____

1. O minibasquet é un deporte baseado no baloncesto que ten por obxectivo:

- Lanzar a canastra e meter un gol.
- Lanzar a portería e meter un gol.
- Introducir o balón no aro do equipo contrario e impedir que o outro equipo o faga no noso.

2. Podemos conseguir canastras de 1 ,2 e 3 puntos:

- Verdadeiro Falso

3. No minibasquet xogamos:

- Cinco contra catro.
- Catro contra catro.
- Cinco contra cinco.
- Sete contra sete.

4. Os aros de minibasquet están a unha altura do chan de:

- 3,30 metros.
- 2,60 metros.
- 5 metros.

5. O saque de banda realízase:

- Coas mans e pisando as liñas de banda.
- Cos pés e detrás das liñas de banda sen pisalas.
- Coas mans e detrás da liña de banda sen pisalas.

6. É campo atrás cando:

- Estando no campo de ataque, paso o balón a un compañeiro/a que está no campo de defensa.
- Estando no campo de defensa, paso o balón a un compañeiro/a que está no campo de ataque.
- Estando no campo de defensa, paso botando o balón ao campo de ataque.

7. Está permitido botar o balón, collelo e volver a botalo:

Verdadeiro

Falso

8. En Galicia, na tempada 2019/2020, temos un equipo que xoga na máxima categoría nacional da Liga ACB (Liga Endesa),. Sabes como se chama? Sabes en que cidade galega xoga? Como se chama o pavillón onde xogan os seus partidos? Cal é o nome do seu adestrador?

9. No Campionato Mundial de Baloncesto masculino do ano 2019 participou a selección española. En que país se celebrou o campionato? En que posto rematou a selección española? Contra que país xogou España o seu último partido? A FIBA (Federación Internacional de Baloncesto) nomeo como MVP (xogador máis valioso do torneo) a un xogador español. Cal é o seu nome?

10. No ano 2019 celebrouse o Campionato Europeo de Baloncesto Feminino. A selección española conseguiu unha medalla. De que metal foi esa medalla? Contra que país xogou España o seu derradeiro partido do torneo? Cantas veces gañou España este campionato?

<https://xogandonaescolablog.files.wordpress.com/2017/05/minibasquet.pdf>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Liga_ACB_2019-20

https://es.wikipedia.org/wiki/Copa_Mundial_de_Baloncesto

https://es.wikipedia.org/wiki/Campeonato_Europeo_de_Baloncesto_Femenino